


A SUSTENTABILIDADE EN GALICIA

Selección de datos extraídos do informe
Sustentabilidade en España 2006, do
Observatorio da Sustentabilidade en
España



verdegaia

Introdución

Neste informe salientáanse algúns datos referidos a Galicia seleccionados do informe “Sostenibilidad en España 2006”, do “Observatorio de la Sostenibilidad en España”. Desde unha visión integral, o segundo informe anual do OSE, publicado a finais de 2006 analiza os procesos de desenvolvemento sustentable en España, incluíndo algunha información desagregada por Comunidades Autónomas.

O Observatorio da Sustentabilidade en España (OSE) é un órgano autónomo establecido por convenio entre o Ministerio de Medio Ambiente, a Fundación Universidade de Alcalá de Henares e a Fundación Biodiversidade. O seu obxectivo é “subministrar información periódica, independente, relevante e contrastada sobre a situación e perspectiva en materia de desenvolvemento sustentable en España”. Actualmente, o seu director é Luis Jiménez Herrero, profesor de "Desenvolvemento Sustentable e Economía Ecolóxica" na Universidade Complutense de Madrid.

Con este informe, a asociación ecoloxista Verdegaia pretende axudar a divulgar de forma sinxela algúns datos que nos parecen de especial interese sobre a sustentabilidade en Galicia contidos en “Sostenibilidad en España 2006”, informe que seguramente será accesible a poucas persoas e organizacións sociais. É a primeira vez que, partindo dun completo sistema de indicadores de sustentabilidade, se analisan insustentabilidades do modelo de desenvolvemento galego. Porén, e malia o seu innegable interese, o informe resulta insuficiente para ter unha visión completa dos avances e recuos de Galicia en materia de sustentabilidade, o que pon de manifesto a necesidade de crear canto antes un Observatorio da Sustentabilidade en Galicia, tal e como ten sido demandado desde Verdegaia¹.

A información salientada refírese a tres tipos de indicadores: análise de fluxos e usos de recursos, sustentabilidade ambiental e integración e accións para o cambio. Non se seleccionaron datos do cuarto tipo de indicadores, os de sustentabilidade económica e social, non por se consideraren menos importantes, senón por conteren unha información máis accesible, mesmo a través dos medios convencionais de información.

Na web do OSE, en <http://www.sostenibilidad-es.org>, é posible descargar en formato pdf o capítulo de “Sostenibilidad en España 2006” que contén a avaliación integrada, na que se ofrece unha síntese do informe.

¹ Ver o documento de Verdegaia “Cara a unha Galicia sustentable”, con propostas para unha Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentable, en <http://www.verdegaia.org>. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible prevé que a función de observatorio sexa efectuada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Sostible, aínda sen crear e que dependería da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible. Pola contra, o Observatorio da Sostibilidade en España é independente do Ministerio de Medio Ambiente.

ANÁLISE DE FLUXOS E USOS DE RECURSOS

Consumo de enerxía. O consumo de enerxía medra a un forte ritmo no conxunto de España e en Galicia. En 2004, o noso país rexistrou un dos consumos de electricidade per cápita máis elevados de España, debido en boa medida á presenza dalgunhas industrias moi intensivas en electricidade. Galicia é unha das comunidades onde se consume menos gas, o combustible fósil menos contaminante. O consumo galego de gasolinas e gasóleos (para automoción, calefacción, agricultura, pesca) por habitante é similar ao consumo medio estatal, que é de 0,9 toneladas/habitante e ano. A intensidade enerxética final, que estuda a relación entre o consumo de enerxía final e o Produto Interior Bruto (PIB), é menor en Galicia que en España, pero maior que no conxunto da UE-15, o que pon de relevo a baixa eficiencia enerxética da economía galega.

Intensidade de carbono na economía. Este indicador compara as emisións de dióxido de carbono (CO₂) e outros gases causantes do cambio climático co PIB, o que permite observar a eficiencia en termos de carbono dos procesos enerxéticos e aproximadamente da economía. En 2001, a intensidade de carbono da economía galega era a cuarta máis alta de España, feito que ten moito que ver coa elevada produción de electricidade a partir de carbón.

Auga. No período 1996-2003, o incremento do consumo de auga nos fogares galegos foi do 33 %, até superar os 140 litros por habitante e día². As perdas de auga nas redes de distribución de abastecemento público aumentaron entre 1996 e 2003, até suporen perto do 20 % de toda a auga distribuída. Na avaliación do indicador “Prezo medio da auga distribuída”, un indicador relacionado co uso eficiente da auga, o OSE sinala que os prezos da auga en España “son moi baixos”. O prezo medio da auga distribuída en Galicia é sensiblemente inferior ao estatal, sendo de pouco máis de 0,6 euros/m³ (en 2003). Por outra banda, Galicia é, xunto con Castela e León, a comunidade onde menor é o prezo medio do saneamento público.

Solo artificializado. No ano 2000, as superficies artificiais ocupaban un pouco menos do 2% do territorio de Galicia, cifra similar á correspondente ao conxunto de España. No mesmo ano, na franxa costeira de 0-2 km, a porcentaxe de superficie artificializada era do 21% na provincia de Pontevedra, do 11% na da Coruña e do 5% na de Lugo. O crecemento de superficies artificiais nesta franxa, no período 1987-2000, foi do 2% en Pontevedra, do 4% na Coruña e do 7% en Lugo, crecementos entre os máis baixos das provincias costeiras españolas.³

² A dotación necesaria estimada polas Nacións Unidas para levar unha vida digna é de 60 litros/habitante e día.

³ Para ampliar información sobre esta cuestión, recomendamos visitar a web de Verdegaia, en <http://www.verdegaia.org/content/view/57/109/>, na que se recollen as principais conclusións para Galicia doutro informe do Observatorio da Sustentabilidade en España: “Cambios de ocupación del suelo en España: implicaciones para la sostenibilidad”.

Ecoeficiencia rexional. As emisións de óxidos de xofre (SO_x) están desacopladas do crecemento económico, mentres que as doutros contaminantes (NO_x , CH_4 e NH_3) medran, mais a un ritmo inferior ao crecemento da economía. Unicamente as emisións de CO_2 , o principal gas de efecto invernadoiro, seguen aumentando superacopladas ao PIB.

Ecoeficiencia do sector da enerxía. As emisións de gases de efecto invernadoiro de Galicia creceron menos que as do conxunto de España, entre outras cousas polo desenvolvemento da enerxía eólica, mais as emisións galegas, tanto por habitante como por produción, seguen situadas moi por riba do promedio español. O informe do OSE salienta a contribución das centrais térmicas de carbón das Pontes e de Meirama e da refinaría da Coruña. Galicia, xunto con Aragón, Asturias e as dúas Castelas, é a comunidade con maior proporción de gases causantes do cambio climático derivados do sector enerxético.

Distribución modal do transporte interurbano. O 80 % dos desprazamentos motorizados de menos de 100 km en días laborables teñen lugar en coche, é dicir, prodúcese da forma máis impactante desde o punto de vista socioambiental.

Agricultura ecolóxica. O OSE acha que un aumento da agricultura ecolóxica supón avances moi significativos cara a sustentabilidade. En 2005, había en Galicia 9.156 hectáreas inscritas en agricultura ecolóxica (certificadas ou en proceso de certificación), o que supuña o 1% da superficie agraria útil galega, fronte á media española do 3,2% e moi lonxe do 8,4% de Andalucía.

INDICADORES DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

Cambio climático. Entre 1990 (o ano base do Protocolo de Quioto) e 2004, as emisións de gases de efecto invernadoiro medraron o 37% en Galicia, fronte a un aumento do 45% no conxunto de España e unha diminución do 2% na UE-15. A cantidade de carbono acumulada na vexetación entre 1987 e 2000 aumentou moi lixeiramente.

Biodiversidade. Galicia, xunto con Murcia e con Castela e León, é a comunidade autónoma con maior proporción de mamíferos ameazados de extinción, perto do 15%. Se se exclúen as Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, unha figura de protección legal moi débil creada pola Xunta, Galicia está á cola do Estado español en superficie de espazos naturais protexidos. Por outra banda, tan só 20.920 hectáreas de parques naturais foron obxecto de planificación. Esta cifra non mudou entre o ano 2000 e o 2005. O investimento por hectárea en parques naturais no ano 2004 foi duns 40 euros, unha cifra moi afastada dos arredor de 100 euros que investiron Asturias e Andalucía.

Incendios forestais. No período 1968-2004, Galicia resultou ser a comunidade autónoma con maior superficie queimada, tanto en valor absoluto (42.465 ha

de media anual) coma en porcentaxe de superficie do seu territorio queimada (1,4% cada ano). A nosa terra presenta un promedio de lumes moi superior ao do resto das Comunidades Autónomas (10.189 lumes ao ano), o que representa un 80% máis que Castela e León, que ocupa o segundo lugar con 1.917 lumes ao ano.

Residuos urbanos. Durante o período 1996-2004 a cantidade de lixo por habitante creceu un 11% en Galicia, crecemento considerable aínda que inferior ao medio estatal, do 35%. Segundo o Observatorio, “ningunha CCAA ofrece na actualidade políticas exemplares de minimización de residuos urbanos”. Galicia é, despois de Baleares, a comunidade que incinera maior proporción do seu lixo, nada menos que o 35% en 2004. A incineración é o principal método de tratamento do lixo en Galicia, xunto co vertido controlado (30%). A compostaxe supón o 20 %, mentres que a recolla selectiva, malia o crecemento dos últimos anos, só representa o 8%, por debaixo da media estatal e moi lonxe do 23% do País Basco. O vertido incontrolado reduciuse fortemente nos últimos anos, mais en 2004 aínda foi o destino de 53.000 toneladas de residuos urbanos.

Depuración de augas residuais urbanas. Galicia é, logo de Asturias, a comunidade cun menor grao de cumprimento da Directiva europea de depuración de augas residuais urbanas. En outubro de 2004, o grao de conformidade da carga contaminante era do 58%, fronte á media estatal do 73%.

Contaminación atmosférica. A pesar de teren diminuído nun 39% entre 1990 e 2004, Galicia é a comunidade autónoma con maiores emisións de dióxido de xofre (SO₂), co 30% das emisións españolas, o que se debe sobre todo ás emisións das térmicas de carbón. No que atinxe aos óxidos de nitróxeno (NO_x), Galicia é a cuarta comunidade que máis emite, co 6% do Estado español. As emisións de NO_x aumentaron o 7% entre 1990 e 2004, sendo o transporte por estrada e a produción de enerxía as principais fontes. As emisións de amoníaco (NH₃), que nun 95% son de orixe agraria, medraron o 18% entre 1990 e 2004. Para estes tres contaminantes, España está lonxe de cumprir os obxectivos fixados para o 2010 pola Directiva europea 2001/81 de teitos estatais de emisión.

Saúde ambiental. Sen ter en conta o mercado ilegal, o consumo de praguicidas (en kg/ha) no noso país supera un pouco a media estatal. O Observatorio considera que “os escasos e fragmentarios datos indican que a degradación ambiental está ocasionando importantes danos á saúde da poboación española, e comprometendo a saúde das xeracións vindeiras”. Por exemplo, parece haber relación entre a exposición a certas sustancias químicas e a incidencia de cancro de órganos hormono-dependentes (mama, vexiga, ovario, testículo, próstata,...). Así, as defuncións por tumores de ovario en Galicia pasaron de 1,74 por 100.000 habitantes en 1980 a 4,16 en 1998. No que atinxe á calidade do aire urbano, chama a atención que no informe non se presente ningún dato para cidades galegas relativo a contaminantes tan importantes como as partículas e o ozono. Canto ao ruído, non hai medicións sobre a exposición a esta nociva forma de contaminación.

De acordo coa percepción dos seus ocupantes, o 20% dos fogares galegos presentan problemas de ruídos, unha das cifras máis baixas do Estado español.

INDICADORES DE INTEGRACIÓN E ACCIÓNS PARA O CAMBIO

Procesos institucionais. No indicador “Gobernanza e capacidade institucional para a sustentabilidade”, referido a 2005, Galicia non chega a obter 30 sobre 100 puntos, recibindo 0 puntos no compoñente “Transparencia”. No que se refire á implantación da Axenda 21 Local, só o 29% dos municipios galegos tiñan iniciado un proceso nese sentido (polo xeral, con escaso grao de desenvolvemento) en marzo de 2006, unha das porcentaxes máis baixas de España. No indicador “Cooperación e sustentabilidade global”, Galicia obtén tamén unha valoración moi negativa, pois a axuda autonómica ao desenvolvemento en 2004 foi moi escasa.

Débeda ecolóxica. A propósito do indicador “Cooperación e sustentabilidade global”, o informe do Observatorio da Sostibilidade en España salienta o aumento da débeda ecolóxica española cos países empobrecidos do Sur, débeda á que tamén contribúe Galicia. A débeda ecolóxica, un concepto que se vai consolidando desde comezos dos anos 90, xérase principalmente por tres mecanismos: un alto nivel de consumo que require de masivas importacións de recursos naturais; o impacto dos residuos xerados polo noso modelo económico e de vida (particularmente as emisións de CO₂), e os impactos negativos dalgunhas empresas españolas cando actúan no exterior (o informe sinala que “están documentados numerosos casos”, mais non cita ningunha empresa en particular, aínda que poderían salientarse algunhas como REPSOL, UNIÓN FENOSA, ENDESA, ENCE, PESCANOVA, FADESA, etc).

Instrumentos de regulación e avaliación de impacto. Galicia foi a 2ª comunidade autónoma en 2003 e a 3ª en 2004 con maior número de procedementos abertos por incumprimento de directivas europeas, con 13 en 2003 e 9 en 2004. Tamén estamos entre as comunidades autónomas con maior número de delitos cometidos contra o medio ambiente, 64 no período 1998-2004. Polo que atinxe á avaliación de impacto ambiental, o informe fai unha valoración cualitativa do procedemento no conxunto de España, concluíndo que é preciso “incrementar a calidade científica e o rigor nos estudos de impacto ambiental e posteriormente nas declaracións de impacto”. O número total de expedientes autorizadores ambientais (declaracións de impacto e de efectos ambientais) en Galicia foi até 2005 de 702, destacando os relativos a proxectos enerxéticos (233), de residuos (217) e minería (113).

Xestión económica e instrumentos de internalización de custos. O OSE destaca o relevante papel que deberían xogar os impostos e taxas ambientais para avanzar cara a sustentabilidade, “no marco dunha reforma fiscal ecolóxica”. Porén, e a diferenza doutros estados europeos, o sistema

tributario español non desenvolveu actuacións relevantes neste campo. A nivel de comunidades autónomas, non hai ningunha comunidade modelo, sendo maior o emprego de impostos ambientais en Andalucía, Cataluña e Galicia, onde se creou un canon de saneamento e un imposto sobre emisións atmosféricas. Este último foi pioneiro en España, aínda que o informe do OSE critica que grave a un número reducido de empresas. No que se refire ao gasto en medio ambiente, sinálase, para o conxunto de España, que “orzamentaria e politicamente o “medio ambiente” segue ocupando un lugar subsufragáneo e de segunda orde”. O gasto por habitante en medio ambiente en Galicia en 2005 foi inferior á media española.

Procesos cara a sustentabilidade empresarial. Segundo o OSE, os sistemas de xestión ambiental (ISO 14001 e EMAS) non garanten unha mellora do rendemento ecolóxico, mais poden considerarse como un paso cara a xestión sostible, especialmente no caso das EMAS, máis esixentes e moito menos implantadas que as ISO 14001. O 8 % das empresas españolas con sistemas de xestión ambiental en 2005 estaban en Galicia. Canto á implantación de sistemas de responsabilidade social corporativa, o Observatorio apunta que os sistemas GRI e Global Compact non son modelos que permitan que a responsabilidade social se manifeste como “un cambio de valores na empresa, que redunde na mellora continua interna e externa en termos de sustentabilidade social e ambiental”. En calquera caso, a súa implantación é moi escasa en Galicia.

Procesos de cambio social cara ao desenvolvemento sustentable. Galicia é unha das comunidades cunha menor taxa de equipamentos de educación ambiental. O mesmo acontece a respecto da taxa de participación en asociacións de defensa do medio ambiente, tomando como referencia as de ámbito estatal. No que se refire ao consumo de alimentos ecolóxicos, medrou no período 2000-2003, mais segue a ser moi baixo, pois en 2003 non chegara a atinxir o valor de 1 millón de euros. O mesmo se pode dicir do consumo de produtos de comercio xusto, cuxo volume de vendas en 2003 non chegou aos 400.000 euros.

Decembro 2006